Entidade de contratación:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.					
Denominación do expediente:	Accesos, aparcadoiros e urbanización da parcela da área de servizo no P.Q. 80,5 da AG-53					
Ref. Expediente:	OBRA250101		Contrato harmonizado:	Non		
Tipo contrato:	Obras		Tipo tramitación:	Ordinaria	Lotes:	Non
Procedemento:	Aberto		Forma adxudicación:	Pluralidade de criterios		
CPV:	45233000-9		Traballos xerais de construción de inmobles e obras de enxeñería civil			
Importe licitación IVE:		3.603.103,43 €	Prazo execución:	15 meses		

ACTA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de Contratación.
2. Exame do informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en temeridade.
3. Valoración das ofertas admitidas ao procedemento.
4. Acordos da mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	19/09/2025	Hora:	10:00 horas
Lugar:	Avelino Pousa Antelo nº-1, 2ª, Santiago de Compostela 15707, A Coruña		

No lugar, día e hora enriba indicados, constitúese a Mesa de Contratación para proceder á proposta de adxudicación do expediente que se referencia.

MEMBROS DA MESA ASISTENTES	
CARGO	**NOME E APELIDOS**
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Daniel Romay Díaz
Vogal	Maria Esther Souto Lareo

Como consideración previa aos actos a realizar na presente sesión e de conformidade co previsto no artigo 64 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), cada un dos membros da mesa de contratación constituída declaran expresa e individualmente baixo a súa propia responsabilidade que non concorre neles ningún conflito de interese que poda comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento, así como de que se comprometen a poñer en coñecemento do órgano de contratación, de forma inmediata, calquera potencial conflito de intereses que poda producirse durante o desenvolvemento do procedemento de adxudicación

2. EXAME DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS OFERTAS INCURSAS TEMERIDADE.

Visto o Informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en temeridade de data do 15 de setembro de 2025, os licitantes Extraco, SA, Obras Pavimentos e Instalaciones Industriales "OPAIN", SL, Petrolam Infraestructuras, SL, Taboada y Ramos, SLU e Francisco Gómez y Cía, SA; presentan dentro do prazo concedido de 5 días hábiles a xustificación pero considérase, de conformidade co informe técnico, que "as empresas non cumpren coa carga que lle corresponde para xustificar que o prezo ofertado sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, pois iso require a presentación da documentación suficiente para analizar a súa oferta e apreciar as súas condicións, custes, aforros, solucións técnicas para a execución material da prestación que motive suficientemente a mesma para acordar a súa aceptación. Non se aporta desglose e xustificación dos custes laborais nin dos correspondentes á maquinaria e medios auxiliares, limitando a análise ao aporte de compromisos de prezos de materiais e subcontratas nalgún caso sen asinar". **Esta situación determina que as ofertas non se entendan correctamente xustificadas e polo tanto que se consideren anormalmente baixas para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo102 e 149 da LCSP."**

3. VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS AO PROCEDEMENTO.

Feita a calificación das proposicións económicas e estudiadas e valoradas as ofertas técnicas, as empresas admitidas a esta fase do concurso, unha vez sumadas as calificacións dos criterios de valoración automática e as dos criterios de valoración suxeitos a xuizo de valor, obtiveron a seguinte puntuación:

LICITADOR	Puntuación económica	Puntuación técnica	Puntuacion total ponderada
UTE. CIVIS - COVSA	100,00	79,20	**89,60**
UTE VAZQUEZ Y REINO - OREGA	94,66	82,60	**88,63**
PRACE Servicios y Obras, S-A.	91,55	79,40	**85,47**
UTE. ORESA-COVISA	95,62	72,60	**84,11**
UTE. ALVAC - CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ	92,18	75,80	**83,99**
UTE. CRUZVAL - COVIASTEC	91,07	72,60	**81,84**
ORECO BALGON, S.A.	91,01	72,20	**81,61**
VILOR INFRAESTRUCTURAS, S.L.	92,39	60,60	**76,49**
S.A. de Obras y Servicios, COPASA	53,38	81,40	**67,39**

4. ACORDOS DA MESA.

1) Propoñer ao órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas Extraco, SA, Obras Pavimentos e Instalaciones Industriales "OPAIN", SL, Petrolam Infraestructuras, SL, Taboada y Ramos, SLU e Francisco Gómez y Cía, SA ao considerar, de acordo co informe técnico, que o prezo ofertado polo licitador non é o axeitado para o efectivo cumprimento do contrato.

2) A Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do Contrato á **UTE. CIVIS GLOBAL-COVSA** por un importe de **dous millóns seiscentos noventa e nove mil trescentos corenta e nove euros e oitenta céntimos (2.699.349,80 €) IVE non incluído**, cunha baixa do **9,35%**, por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo

Documentos anexos á presente acta: 1) Cadro coas puntuacións totais obtidas por todas as ofertas admitidas. 2) Informe técnico relativo ás xustificacións das empresas incursas en valores anormais ou desproporcionados.

Logo de tratados todos os puntos da orde do día, dáse por terminado o acto pola Presidenta, e para que quede constancia esténdese a presente Acta que é lida por todos os membros asistentes da Mesa de Contratación. Unha vez manifestada a conformidade co contido da acta polos anteditos membros da Mesa, asínase pola Presidenta e o Secretario.

Presidenta da Mesa

ANGELA BOUZADA VALVERDE - 52776210L

Firmado digitalmente por ANGELA BOUZADA VALVERDE - 52776210L
Fecha: 2025.09.19 10:58:59 +02'00'

Angela Bouzada Valverde

Secretario da Mesa

JUAN CARLOS VENCE LAMAS - 76809493G

Firmado digitalmente por JUAN CARLOS VENCE LAMAS - 76809493G
Fecha: 2025.09.19 10:56:50 +02'00'

Juan Carlos Vence Lamas

INFORME TÉCNICO SOBRE OFERTAS INCURSAS EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA:

"ACCESOS, APARCADOIROS E URBANIZACIÓN DA PARCELA DA ÁREA DE SERVIZO PREVISTA NO PQ 80,5 DA AG-53"

Clave: **OBRA250101**

De acordo co artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) "os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ó prezo xeral de mercado, no momento de fixar o presuposto de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados".

O artigo 149 da LCSP "Ofertas anormalmente baixas" indica que "cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, estarase ao establecido nos pregos que rexen o contrato, nos cales ha de establecerse os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal, referidos á oferta considerada no seu conxunto".

Polo tanto, derívase da lexislación que debe coidarse de que o prezo do contrato sexa adecuado para o seu efectivo cumprimento, aplicando as normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. O prego de cláusulas administrativas particulares recolle os parámetros obxectivos en función dos cales se pode apreciar que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormalmente baixos.

De acordo có prego, a proposición que nos ocupa está incursa en presunción de anormalidade, polo que deuse audiencia ao licitador para que "desglose razoada e detalladamente os prezos, custos e calquera outro parámetro en base ao cal se poida considerar que a oferta non é desproporcionada".

Segundo o estipulado no LCSP, a xustificación non poderá ser incompleta ou fundamentarse en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico, e centrarase nos seguintes valores:

- O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados u o método de construción

- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras
- A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

- O respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social oo laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP

- Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento de contratación da obra "ACCESOS, APARCADOIROS E URBANIZACIÓN DA PARCELA DA ÁREA DE SERVIZO PREVISTA NO PQ 80,5 DA AG-53", foron identificadas as ofertas das empresas EXTRACO, S.A., OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L. "OPAIN, S.L.", PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., TABOADA Y RAMOS SLU e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. como incursas en presunción de anormalidade.

Solicitada xustificación ó respecto, a documentación presentada pola empresa EXTRACO, S.A. basease nos seguintes argumentos:

- Altos rendementos da man de obra por contar con persoal especializado e con experiencia neste tipo de obras.

- Descontos nos proveedores debido a ter realizado obras similares

- A solvencia económica da empresa

- Rendementos elevados de equipos e maquinaria debido á experiencia neste tipo de obras.

- As sinerxias que se poden realizar con obras adxudicadas nas inmediacións

- As técnicas, procedementos e sistemas de xestión implantados pola empresa

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas co seu detalle xustificativo. O resto de consideracións, ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta valoracións nin detalle xustificativo dos prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a documentación presentada é insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

Solicitada xustificación ó respecto, a documentación presentada pola empresa OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L. "OPAIN, S.L." basease nos seguintes argumentos:

- Tivéronse en conta as circunstancias estruturales e socioeconómicas da empresa

- Realizouse un minucioso estudo de custes, medios e métodos a empregar

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas co seu detalle xustificativo. O resto de consideracións, ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta valoracións nin detalle xustificativo dos prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a documentación presentada é insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

Solicitada xustificación ó respecto, a documentación presentada pola empresa PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. basease nos seguintes argumentos:

- A oferta económica responde a un análise dos custes axustados a prezos de mercado
- Consideráronse condicións vantaxosas de aprovisionamento que permiten optimizar os custes
- A empresa dispón dos medios técnicos, humanos e materiais e da experiencia necesaria en contratos de características similares
- A baixa aplicada non compromete a rendibilidade da empresa

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas co seu detalle xustificativo. O resto de consideracións, ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa debe aportar os elementos que permitan explicar e comprobar a xustificación da oferta para comprobar a súa viabilidade. Sen embargo a xustificación aportada non cumpre cos requisitos expresados na lexislación, é parcial e incompleta, non incluíndo no análise o desglose axeitado e xustificado de tódolos conceptos. Así, non se aporta desglose e xustificación dos seus custes laborais nin dos correspondentes á maquinaria e medios auxiliares, limitando o análise o aporte de compromisos de prezos de materiais e subcontratas. Pero estes tampouco poden ser considerados como axeitados e xustificados porque, por exemplo, dos 8 compromisos de subministro de materiais, 4 están sen asinar e 6 non poden ser considerados por ter superado o prazo de validez dos prezos. E no caso dos 5 compromisos aportados de empresas subcontratistas, 2 non poden ser considerados por ter superado o prazo de validez dos prezos mentres que as outras 3 (correspondentes unidades de obra que deben ser executadas ó final do contrato) non teñen prazo de validez da oferta e non está xustificado o mantemento do prezo dentro de 15 meses.

Solicitada xustificación ó respecto, a documentación presentada pola empresa TABOADA Y RAMOS SLU basease nos seguintes argumentos:

- Realizaron un minucioso estudo de custes, dos medios y dos métodos a empregar
- Tivéronse en conta as circunstancias estructurais e socioeconómicas da empresa

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas co seu detalle xustificativo. O resto de consideracións, ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta valoracións nin detalle xustificativo dos prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a documentación presentada é insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

Solicitada xustificación ó respecto, a documentación presentada pola empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. basease nos seguintes argumentos:

- A empresa conta con varios centros de produción propios, parque de maquinaria e unha ampla plantilla de persoal, técnico e de obra
- Realizouse un análise económico basado en estratexias empresariais, motivadas pola actual situación económica, tales como reaxuste de tarifas de maquinaria, redución dos Gastos Xerais a considerar e redución de marxe de beneficio final
- A experiencia acreditada en obras similares

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas co seu detalle xustificativo. O resto de consideracións, ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta valoracións nin detalle xustificativo dos prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a documentación presentada é insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

A tenor de todo o exposto, enténdese que as empresas non cumpren coa carga que lles corresponde para xustificar que o prezo ofertado sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, pois iso require a presentación da documentación suficiente para analizar a súa oferta e apreciar as súas condicións, custes, aforros, solucións técnicas para a execución material da prestación que motive suficientemente

a mesma para acordar a súa aceptación.

Esta situación determina que as ofertas **non se entendan correctamente xustificadas** e polo tanto que **se consideren anormalmente baixas** para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo 102 e 149 da LCSP.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

ROMAY DIAZ DANIEL - 33336012L

Firmado digitalmente por ROMAY DIAZ DANIEL - 33336012L
Fecha: 2025.09.15 13:52:05 +02'00'

SPI GALICIA, S.A.
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

ANEXO II: PUNTUACIONS OBTIDAS POLAS EMPRESAS

Obras de construcción: Accesos, aparcamientos y urbanización de la parcela del área de servicio prevista en el Pk 80,5 de la AG-53

CLAVE: - EXPEDIENTE: **OBRA250101**

	RELACIÓN EMPRESAS	EMPRESAS VINCULADAS	OFERTA ECONÓMICA	BAIXAS	PUNT ECONOMIC	I MEMORIA TÉCNICA	II PROGRAMA DE TRABALLOS	III PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DOS TRABALLOS	IV MEMORIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	V PROGRAMA DE ACTUACIÓNS AMBIENTAIS	VI MEDIDAS PARA O IMPULSO DEMOGRÁFICO	PUNT TÉCNICA	PUNT TOTAL PONDERADA
1	UTE. ORESA-COVISA (OBRA250101)		2.768.731,88	7,02000%	**95,62**	25,20	8,80	9,20	8,20	8,40	12,80	**72,60**	**84,11**
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA		2.886.950,00	3,04998%	**53,38**	30,00	10,00	10,00	10,00	8,60	12,80	**81,40**	**67,39**
3	UTE VAZQUEZ Y REINO OREGA (OBRA250101)		2.778.260,74	6,70000%	**94,66**	32,80	9,00	9,40	9,60	9,00	12,80	**82,60**	**88,63**
4	EXTRACO, S.A.		2.645.749,00	11,15003%	**0,00**	33,20	9,00	10,00	10,00	9,20	12,00	**83,40**	**TEMERIDADE**
5	VILOR INFRAESTRUCTURAS, S.L.		2.800.890,00	5,94006%	**92,39**	18,40	7,00	9,20	8,80	6,80	10,40	**60,60**	**76,49**
6	UTE. CIVIS-COVSA (OBRA250101)		2.699.349,80	9,35000%	**100,00**	28,40	9,20	10,00	10,00	8,00	13,60	**79,20**	**89,60**
7	ORECO BALGON, S.A.		2.814.589,56	5,48000%	**91,01**	25,20	8,20	9,20	8,60	8,20	12,80	**72,20**	**81,61**
8	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIAL		2.581.430,05	13,31000%	**0,00**	31,20	9,20	8,60	9,20	7,80	12,80	**78,80**	**TEMERIDADE**
9	UTE. ALVAC CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ		2.802.976,18	5,87000%	**92,18**	26,80	9,00	9,40	10,00	8,60	12,00	**75,80**	**83,99**
10	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.		2.809.229,57	5,66000%	**91,55**	28,40	9,40	9,40	10,00	8,60	13,60	**79,40**	**85,47**
11	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.		2.682.376,50	9,92000%	**0,00**	31,20	9,80	8,60	9,20	8,80	13,60	**81,20**	**TEMERIDADE**
12	UTE. CRUZVAL - COVIASTEC (OBRA250101)		2.813.994,00	5,50000%	**91,07**	23,20	8,80	9,20	10,00	8,60	12,80	**72,60**	**81,84**
13	TABOADA Y RAMOS SLU		2.684.758,72	9,84000%	**0,00**	23,60	7,80	7,60	7,20	8,60	12,80	**67,60**	**TEMERIDADE**
14	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.		2.596.859,50	12,79185%	**0,00**	32,00	10,00	9,40	10,00	8,80	12,80	**83,00**	**TEMERIDADE**

ROMAY DIAZ DANIEL - 33336012L

Firmado digitalmente por ROMAY DIAZ DANIEL - 33336012L
Fecha: 2025.09.17 09:46:25 +02'00'